



---

## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 27/05/09:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065) foi un dos grandes logros que na anterior legislatura se puxo en marcha. Foi un servizo pioneiro, xa que foi o primeiro servizo de transporte adaptado, público e nacional que se implantou no Estado. O seu obxectivo é permitir que a xente acceda aos servizos en igualdade de oportunidades, independentemente do seu lugar de residencia ou da súa capacidade adquisitiva.

O concello de Vilaboa foi un dos primeiros concellos de Galicia que foi beneficiario deste servizo público e, actualmente, varios veciños e veciñas son usuarios del.

Desde fai semanas, os usuarios do 065 están preocupados porque o servizo empeorou e é deficiente. Protestan porque cando chaman por teléfono para concertar unha cita esta non é atendida ou non se lle manda o servizo, e cando se fai, este faise con retraso no horario.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa instará ao goberno da Xunta de Galicia a que se conserve o carácter público deste servizo, e que se manteña a súa calidade como estaba pasando ata o momento.

**Segundo.** O Concello de Vilaboa enviará o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar.

**Terceiro.** Os Grupos Municipais de Vilaboa comprométense a trasladar aos seus Grupos Parlamentarios o presente acordo.

Vilaboa, 26 de maio de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA